

Nin "bocatas" no posto de traballo, nin medias xornadas de 12 horas.

Nace a primeira asociación de profesionais técnicos de eventos ao vivo.

Dos técnicos para os técnicos, perseguindo e denunciando as condicións de traballo abusivas. A APTAV dará visibilidade, promovendo e defendendo os intereses de todas e todos, sen excepción, os profesionais técnicos dos espectáculos en directo. Unha representación fidedigna do sector.

Santiago de Compostela— Tras anos de laios persoais, preto dun cento de profesionais, dan un paso á fronte, para rematar con esa imaxe da técnica ou técnico comendo e ceando un "bocata" no propio posto de traballo e desterrar para sempre a manida expresión que tantas veces escoitamos "media xornada: 12 horas".

Xuntar a todos os técnicos, visibilizar e dignificar a profesión, acadar melloras nas condicións de traballo, conseguir a conciliación laboral e a igualdade de xénero real, son os principais obxectivos da APTAV, Asociación de Profesionais Técnicos ao Vivo.

Unha asesoría legal para as asociadas e asociados e a futura posta en marcha dun sindicato galego de técnicos que poida participar na actualización do actual convenio colectivo son algúns dos servizos que xa forman parte da axenda de traballo.

Técnicos de iluminación, son, vídeo, rexiduría, backline, rigging, montaxe de estruturas, persoal auxiliar... a APTAV abre as portas a todos e cada un dos profesionais técnicos que traballan nos espectáculos e eventos en directo. Porque todas e todos merecemos que se defendan os nosos dereitos e intereses profesionais.

Ademais a APTAV colaborará activamente cos centros de estudos e promoverá xornadas e cursos de formación por toda Galicia. As portas están tamén abertas a todo o actual alumnado e futuros profesionais.

É o momento de dignificar a profesión e rematar coa tradicional invisibilidade, para ser coñecidos e respetados, "*máis aló da barreira*".

Recén constituída, (xaneiro de 2019), a Asociación de Profesionais Técnicos ao Vivo, ten ámbito autonómico e forma xa parte da Plataforma Estatal de Asociaciones de Técnic@s del Espectáculo (PEATE), que é a que aglutina a maioría de asociacións e sindicatos de técnicos de España. Amais de estar xa en contacto con outras organizacións do resto do estado.

Máis información: 630 704 268
www.aptav.org
mail: info@aptav.org